

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN SERVIZO TRANSDISCIPLINAR DE APOIO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA CONSECUCIÓN DOS SEUS PROXECTOS DE VIDA NA COMUNIDADE NO EXERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido.

Con data 13 de decembro de 2024 firmouse convenio de colaboración entre a consellería de Política Social e Xuventude e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o desenvolvemento dun programa experimental de intervención con enfoque transdisciplinar e segundo a metodoloxía de atención integral e centrada na persoa para persoas con discapacidade.

Na cláusula décimo segunda do convenio establécese a vixencia ata o 15 de setembro de 2025 e a posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes que deberá ser formalizado en calquera momento antes da expiración do prazo inicialmente pactado. Poderá ser modificado por mutuo acordo das partes mediante a subscrición da correspondente addenda de modificación.

Próxima a finalizar a vixencia do convenio subscrito, ambas partes están interesadas en prorrogalo para o ano 2025, nos termos das cláusulas que se recollen na parte dispositiva deste acordo e dentro do límite previsto no artigo 49 letra h) punto 2º da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, co fin de garantir a continuidade da prestación dun programa experimental de intervención con enfoque transdisciplinar e segundo a metodoloxía de atención integral e centrada na persoa para persoas con discapacidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Tendo en conta os obxectivos coincidentes, ambas partes veñen poñendo en común os seus esforzos a través de convenios de colaboración para a realización de actividades de promoción da autonomía persoal e inclusión social, nos termos previsto no capítulo VI da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Esta técnica de cooperación considérase especialmente eficiente para a xestión dos recursos públicos dende a perspectiva do seu aproveitamento racional, a busca de sinerxias e a coordinación de esforzos entre as partes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

Begoña Abeijón Fernández

